B4.9				B.4.5.2. Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico	40%							X	EC/EOE

LEENDA COMPETENCIAS

- CCL** Comunicación lingüística
- CMCCT** Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
- CD** Competencia dixital
- CAA** Competencia aprender a aprender
- CSC** Competencias sociais e cívicas
- CSIEE** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- CCEC** Conciencia e expresións culturais

LEENDA TRANSVERSAIS

- CL** Comprensión lectora
- EOE** Expresión oral e escrita
- CA** Comunicación audiovisual
- TIC** Tecnoloxías da información e comunicación
- EMP** Emprendemento
- EC** Educación cívica
- PV** Prevención da violencia

5.5 Historia da Música e da Danza 2º BAC

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA 2º BACHARELATO

1ª AVAL

Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. Criterios Aval.	Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe e Identificación	Grao mínimo consec.	Instrumentos							Temas transv. CL EOE CA TIC EMP EC PV
						Prob .esc.	Prob oral	Tra b ind	Tra b grup	Ca d Cla	Pro b inst	Obs.	
U.D.1 A música e a danza da Antigüidade á Idade Media													
1	B2.1/B2.2 B2.3/B2.4 B2.5/B2.6	B2.1	CAA/CCEC/CCL CCEC/CCL/CD	HMDB2.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	70%	X						X	EOE CL EOE CA
	HMDB2.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos			50%	X		X				X		
	B2.7/B.28 B2.9	B2.2	CAA/CCEC CSC/CCL	HMDB2.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.	50%	X		X				X	EOE CL
U.D.2 O Renacemento													
2	B3.1/B3.2 B3.3/B3.4 B3.5/B3.6	B3.1	CAA/CCEC/CCL CCEC/CCL/CD	HMDB3.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	70%	X						X	EOE CL EOE CA
	HMDB3.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.			50%	X		X				X		
	B3.2/B3.3 B3.4	B3.2	CAA/CCEC/CSC/CCL	HMDB3.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	50%	X		X				X	EOE CL
U.D.3 O Barroco													
3	B4.1/B4.2 B4.3/B4.4 B4.5/B4.6 B4.7	B4.1	CAA/CCEC/CCL CCEC/CCL/CD	HMDB4.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	70%	X						X	EOE CL EOE CA
	HMDB4.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.			50%	X		X				X		
	B4.8/B4.9 B4.10	B4.2	CAA/CCEC/CSC/ CCL	HMDB4.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e estable xuízos críticos.	50%	X		X				X	EOE CL

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA 2º BACHARELATO

2º AVAL

Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. Criterios Aval.	Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe e Identificación	Grao mínimo consec.	Instrumentos							Temas transv. CL EOE CA TIC EMP EC PV
						Prob .esc.	Prob oral	Tra b ind	Tra b grup	Ca d Cla	Pro b inst	Obs.	
U.D.4 O Clasicismo													
4	B5.1/B5.2 B5.3/B5.4 B5.5/B5.6	B5.1	CAA/CCEC/CCL CCEC/CCL/CD	HMDB5.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. HMDB5.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	70% 50%	X X		X				X X	EOE CL EOE CA
	B5.7	B5.2	CAA/CCEC CSC/CCL	HMDB5.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	50%	X		X				X	EOE CL
U.D.5 O Romanticismo, o Nacionalismo e o Postromanticismo													
5	B6.1/B6.2 B6.3/B6.4 B6.5/B6.6	B6.1	CAA/CCEC/CCL CCEC/CCL/CD	HMDB6.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. HMDB6.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	70% 50%	X X		X				X X	EOE CL EOE CA
	B6.7/B6.8	B6.2	CAA/CCEC CSC/CCL	HMDB6.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	50%	X		X				X	EOE CL
U.D.6 Primeiras tendencias modernas													
6	B7.1/B7.2 B7.3/B7.4 B7.5/B7.6	B7.1	CAA/CCEC/CCL CCEC/CCL/CD	HMDB7.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. HMDB7.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	70% 50%	X X		X				X X	EOE CL EOE CA
	B7.7/B7.8 B7.9/B7.10 B7.11	B7.2	CAA/CCEC CSC/CCL	HMDB7.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	50%	X		X				X	EOE CL

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA 2º BACHARELATO

3º AVAL

Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. Criterios Aval.	Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe e Identificación	Grao mínimo consec.	Instrumentos							Temas transv. CL EOE CA TIC EMP EC PV
						Prob .esc.	Prob oral	Tra b ind	Tra b grup	Ca d Cla	Pro b inst	Obs.	
U.D.7 Música e Danza na segunda metade do s.XX													
7	B8.1/B8.2 B8.3/B8.4 B8.5/B8.6	B8.1	CAA/CCEC/CCL CCEC/CCL/CD	HMDB8.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. HMDB8.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	70% 50%	X X		X				X X	EOE CL EOE CA
	B8.7/B8.8 B8.9/B8.10	B8.2	CAA/CCEC CSC/CCL	HMDB8.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	50%	X		X				X	EOE CL
U.D.8 A música tradicional no mundo													
8	B9.1/B9.2 B9.3/B9.4	B9.1	CCEC/CCL/CD	HMDB9.1.1. Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos.	30%	X		X				X	EOE CL CA

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA 2º BACHARELATO

TODAS AVAL

Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro

Criteria de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. Criterios Aval.	Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe e Identificación	Grao mínimo consec.	Instrumentos							Temas transv. CL EOE CA TIC EMP EC PV	
						Prob .esc.	Prob oral	Tra b ind	Tra b grup	Ca d Cla	Pro b inst	Obs.		
0	B1.1	B1.1	CCEC / CAA CMCCT CAA / CCL	HMDB1.1.1. Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela. HDMB1.1.2. Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza. HDMB1.1.3. Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios.	50% 70% 50%	X X		X				X X X	EOE EOE/CL TIC	
	B1.2 B1.3	B1.2	CCEC CAA / CCL CCEC / CCL	HDMB1.2.1. Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza. HDMB1.2.2. Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras. HDMB1.2.3. Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico.	70% 70% 50%	X X		X X				X X	EOE EOE/CA EOE	
	B1.4	B1.3	CCEC / CAA CCEC/CAA/CSC CAA / CSC	HDMB1.3.1. Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia. HDMB1.3.2. Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación. HDMB1.3.3. Comprende e describe o proceso creativo de músicos/as e coreógrafos/as	50% 50% 30%	X X		X X				X X	CA/CL EOE/CA EOE	
	B1.5	B1.4	CCL/CAA /CCEC CAA/CCL	HMDB1.4.1. Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta. HMDB1.4.2. Elabora unha análise de texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde.	30% 50%			X						EOE/CL
	B1.6	B1.5	CAA/CCEC/CCL CAA/CCL CD/CSIEE	HMDB1.5.1. Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito en que se relaciona con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total. HMDB1.5.2. Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta. HMDB1.5.3. Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas.	50% 50% 50%	X X		X X				X X X	CL EOE EOE CA	
	B1.7 B1.8	B1.6	CAA/CSIEE/CCEC/CCL CCL/CCEC/CAA CSC/CSIEE CSC/CSIEE/CCEC CCL/CAA/CSIEE/CCEC CD/CAA	HMDB1.6.1. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación. HMDB1.6.2. Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo. HMDB1.6.3. Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes. HMDB1.6.4. Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, a repartición do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia. HMDB1.6.5. Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas. HMDB1.6.6. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos.	30% 30% 70% 50% 50% 50%			X X X X				X X X X X X	EOE TIC CL EMP EC PV TIC EOE EOTIC CAE CA	

LEENDA COMPETENCIAS

- CCL** Comunicación lingüística
- CMCCT** Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
- CD** Competencia dixital
- CAA** Competencia aprender a aprender
- CSC** Competencias sociais e cívicas
- CSIEE** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- CCEC** Conciencia e expresións culturais

LEENDA TRANSVERSAIS

- CL** Comprensión lectora
- EOE** Expresión oral e escrita
- CA** Comunicación audiovisual
- TIC** Tecnoloxías da información e comunicación
- EMP** Emprendemento
- EC** Educación cívica
- PV** Prevención da violencia

6. METODOLOXÍA

Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxías activas: basearse na práctica instrumental.
- Enfoque orientado á realización de tarefas, á práctica musical e á audición.
- Uso habitual das TIC e dos instrumentos musicais.
- Papel facilitador do profesor/a

6.1 Estratexias metodolóxicas

- Memorización comprensiva
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, partituras
- Elaboración de sínteses e comentarios de textos.
- Análise de documentos, partituras e audicións.
- Comentarios de textos, audicións e partituras.
- Resolución de problemas
- Práctica musical.
- Audición

Secuenciación habitual de traballo na aula

O material de uso habitual escollido por este Departamento correspóndese co do proxecto de Música para secundaria de McGraw Hills, para os cursos segundo, terceiro e cuarto da educación secundaria obrigatoria. Trátase dun material que pretende facilitar tanto a programación global do ciclo como o traballo diario en cada sesión, ameno para o alumno, que estimule o seu interese na área. Para isto presenta todas as unidades acorde a unha mesma estrutura de apartados que proporcionará unha rápida familiarización co libro.

As unidades comezan dun xeito didáctico e ameno, con textos que se relacionan cos contidos da unidade, seguidos dun índice da mesma. Nesta páxina anuncian as competencias que se van traballar na unidade. Asímesmo inclúense algunhas recomendacións interesantes vinculadas cos música: webs, coleccións, espectáculos, etc...

Os contidos de cada unidade están fundamentados maioritariamente na práctica musical, pero tamén no rigor e o desenvolvemento da teoría.

Inclúense 3 CDs de audicións que conteñen numerosas audicións ilustrativas que serven tanto para exemplificar os contidos, coma para os alumnos os repasen, practiquen e comprendan.

Tralo desenvolvemento dos contidos metodolóxicos, cada unidade estrutúrase nunha serie de apartados prácticos pensados para que o alumno aprenda música traballándoa progresivamente na clase. No final da unidade atópase un esquema recordatorio cos conceptos básicos que se han explicado nela.

Na sección final de cada unidade plantéxanse actividades de repaso de carácter tanto individual como grupal, coas que o alumno pode comprobar o que ha aprendido.

O material do proxecto de Música Clave conta con algúns materiais complementarios:

Caderno do alumno. Nel o alumno poderá realizar todas as actividades planeadas no libro e que permitirá reforzar o profundizar nos diversos aspectos da unidade a través de actividades extras.

Web de recursos. Material complementario ideado como apoio ao estudo. Na web atópanse partituras extras, artigos musicais, etc.

Tendo en conta o anteriormente exposto, a metodoloxía a seguir polo departamento de música é a seguinte:

Os métodos de aprendizaxe a utilizar por parte do profesor/a serán:

- A utilización do libro de texto(só na ESO) como soporte físico para a realización de proceso de ensinanza e de aprendizaxe.
- O uso de partituras de diversa índole e procedencia para complementar o apartado práctico da materia.
- Explotación de medios audiovisuais e xogos co fin de proporcionar novos coñecementos dunha forma amena.
- Uso do material escrito: textos de distintos tipos a partir dos cales o profesor poderá transmitir algúns conceptos ou os mesmos alumnos serán capaces de deducilos.
- escoita de obras musicais a través de calquera medio audiovisual.
- Traballo en grupos para favorecer a práctica musical.
- Traballo individual no que o alumno ha de ser capaz de interpretar partituras musicais e posteriormente interpretalas ca voz ou con outro instrumento.
- Uso das aulas de informática para traballar as TICs.

Na aula procederase á explicación dos contidos cós que se estea traballando. Unha vez feita a explicación, o alumnado realizará os exercicios, audicións ou prácticas propostas para consolidar os devanditos contidos. Este traballo será desenvolvido dun xeito individual ou en grupos dependendo do criterio da profesor/a. A corrección dos mesmos será en común, mais o profesor/a poderá levalo a cabo dun xeito individual si o considera oportuno.

Na aula realizarase a lectura en voz alta de textos relativos á materia así como a escoita de gravacións específicas, relacionadas cos conceptos que se estean traballando.

Realizarase a lectura dos diferentes textos propostos no libro de texto e o alumnado responderá as preguntas plantexadas. Con isto, traballarase a comprensión dun texto escrito e a produción escrita do alumnado.

Os alumnos de 4º ESO, dados os contidos propios deste curso, intentarán traballar con maior frecuencia na aula de informática para levar a cabo unha experiencia de traballo con material dixital. Combinarse o traballo na aula de

informática co traballo na aula de música coa finalidade de que ámbalas dúas formas de ensinar e aprender se complementen.

6.2 Outras decisións metodolóxicas

1.- Agrupamentos

Os agrupamentos se atopan determinados pola organización do centro. Deste xeito, nos atopamos coa carencia de desdobres na materia de música nos cursos 2º e 3º da ESO. Tendo isto en conta, a distribución de grupos é a seguinte:

2º ESO: 3 grupos.

3º ESO: 2 grupos.

4º ESO: 1 grupo.

1º BAC: 1 grupo.

2º BAC: 1 grupo.

O número de alumnos e alumnas por grupo é variado, sendo moi numerosos, oscilando entre 21 e 27 persoas nos grupos de 2º, 3º de ESO e de 14 a 31 en 4º de ESO e bacharelato respectivamente. Deste xeito, a realización de certas prácticas musicais, tales como a expresión instrumental ou corporal, levarase a cabo cunhas evidentes limitacións.

2. Tempos

A asignatura se desenvolve ó longo de dúas horas semanais en 2º e 3º da ESO, e de 3 horas semanais en 4º ESO e bacharelato.

3. Espazos

Os espazos nos que se desenvolve o proceso de ensinanza e de aprendizaxe son as aulas de música, que son idénticas ás aulas de grupo, de dimensións moi reducidas, polo que a realización de agrupamentos para que o alumnado traballe en grupo, ou as prácticas instrumentais, son bastante complicadas.

As dúas aulas de informática do centro atópanse moi ocupadas, xa que hai materias que se imparten nelas e, ademais, son compartidas por tódolos departamentos, polo que hai que reservar a hora desexada mais sendo conscientes de que pode atoparse ocupada nesa franxa horaria.

4. Materiais

Como xa foi exposto no apartado anterior, o material de uso habitual escollido por este Departamento correspóndese co do proxecto Música Clave da Editorial McGraw Hill. Trátase dun material que pretende facilitar tanto a programación global do ciclo como o traballo diario en cada sesión, ameno para o alumno, que estimule o seu interese na área. Para isto presenta todas as unidades dacordo a unha mesma estrutura de apartados que proporcionará unha rápida

familiarización co libro. Ademais hai que ter en conta que a audición é un elemento fundamental da educación musical, e como tal adícaselle un amplo tratamento tamén nos libros de texto escollidos. En cada unidade, ademais de acompañar a explicación dos contidos e as súas actividades con pequenas audicións, inclúense tamén nos libros audicións de maior duración, pertencentes a épocas ou estilos distintos.

A frauta resulta imprescindible en todos os casos, inda que a partir do cuarto curso da ensinanza secundaria obrigatoria tamén o serán os instrumentos Orff. Preséntanse adaptacións para a frauta e para estes instrumentos dalgunhas obras escoitadas nas unidades correspondentes, ademais doutras partituras; procurouse en todo momento que as partituras deran a posibilidade de que todos os alumnos, interpretando partes de maior ou menor dificultade, poidan participar da interpretación conxunta da obra. A maior parte das adaptacións están pensadas para ser interpretadas por riba dunha gravación. Trátase dun material axeitado, non só para que os alumnos dun grupo poidan disfrutar facendo música, senón tamén para que poidan amosar o seu traballo ó resto dos grupos da escola.

O uso das novas tecnoloxías e internet é un elemento fundamental para poder cumprir cos obxectivos presentados nesta programación.

5. Recursos didácticos

A base das clases será a audición comprensiva e a práctica instrumental. O alumnado entende mellor a teoría se ó mesmo tempo pode experimentar na práctica os conceptos que se están a tratar.

7. AVALIACIÓN

7.1 Avaliación inicial

7.1.1 Procedementos de avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao longo das primeiras semanas do curso académico. O seu obxectivo é facilitar información ao profesorado sobre diversos aspectos do alumnado tales como o seu coñecemento previo da materia de música así como a detección de alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe ou con coñecementos da materia superiores á media do grupo. Unha vez obtida esta información, o profesorado poderá realizar as adaptacións necesarias para a impartición da materia, xa sexa coa atención á diversidade ou coas adaptacións curriculares precisas según os casos. O método para obter a devandita información será mediante a observación do alumnado na aula e, se a profesor/a o estima necesario, a través dunha proba que será escrita, de interpretación instrumental, de interpretación vocal ou un compendio de todas ou algunhas delas, según o estime preciso a docente.

7.2 Procedemento avaliación continua. Criterios de cualificación.

7.2.1 ESO e 1º de BAC

Realizarase un exame por cada dous temas na ESO e por cada un en Bacharelato. Estará formado por preguntas curtas, de relacionar, completar, ou verdadeiro ou falso.

A práctica instrumental implicará a preparación dun mínimo de dúas partituras por avaliación na ESO e de tres partituras en 1º de bacharelato.

O traballo na aula implicará os exercicios do libro de texto e fichas de traballo aportadas polo profesor/a e a práctica instrumental.

No caderno do profesor/a reflectiranse os aspectos a valorar do traballo na aula:

- A atención e concentración na clase/ Participación activa.
- O interese por aprender.
- A boa realización a nivel interpretativo.
- A consecución de ambiente de silencio na aula.
- O hábito de traballo do alumno. Regularidade na realización das tarefas.
- A asistencia a clase e a puntualidade.
- O coidado e bo uso do material. Trae ou non o material.
- Actitude correcta

As probas cualifícanse coa nota exacta que resulte de sumar o valor das respostas dos alumnos.

A observación directa na aula cualifícase mediante positivos ou negativos recollidos na libreta do profesor, sumando o restando 0,05 cada un deles.

A nota final de cada avaliación abranguerá os seguintes apartados:

- Proba escrita: O 70% da cualificación estará formada pola media aritmética dos dous exames realizados na ESO e 20% en bacharelato.
- Probas orais: O 20% da cualificación corresponde á práctica instrumental.
- Traballos individuais, en grupo, traballo na aula e observación e rexistro: Poderán sumar ou restar ata un 10 % na cualificación final na ESO e un 60% en bacharelato.
- Será indispensable para acadar a cualificación de cinco (ou superior) ter un mínimo de catro puntos sobre dez en cada unha das dúas partes por separado (proba escrita e oral).
- A nota final do curso será a media aritmética das tres avaliacións. Non obstante para acadar o aprobado, será imprescindible non ter ningunha avaliación cualificada por debaixo do 4. No caso de que a evolución do alumnado sexa de menos a máis, poderase dar maior ponderación as últimas notas, mellorando deste xeito a cualificación final.
- Cando haxa unha ou máis avaliacións con cualificacións inferiores o 4 poderase optar a un exame de recuperación no mes de xuño.

- Os/as alumnos/as que copien en calquera das probas escritas ou actividades serán cualificados con cero puntos nas mesmas, considerándose, ademais, como falta disciplinaria.
- A incomparecencia non xustificada a un exame é motivo de suspenso. Pola contra, no caso de no poder asistir a un exame por un motivo de causa maior ou aportando a correspondente xustificación médica, o profesor/a poderá establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que ten do alumno/a ata ese momento.

No caso de que un alumno non supere unha proba, agardarase aos resultados da seguinte, xa que non é o único procedemento para avaliar ao alumno.

Para o alumno que non alcance unha valoración positiva nunha avaliación non se contempla a realización de recuperacións de forma inmediata, sen embargo, o profesor poderá reforzar as explicacións e orientará ao alumno sobre as actividades que lle poden axudar a superar a materia.

7.2.2 HMD 2º de BAC

Realizarase un exame por cada tema que estará formado por:

Preguntas teóricas e/ou definicións breves: 6 puntos

Práctico-Audición (implicará a posta en valor dos coñecementos teóricos): 4 puntos

Elaborarase un traballo individual cada trimestre sobre un tema proposto polo profesor.

No caderno do profesor/a reflectiranse os aspectos a valorar do traballo na aula:

- A atención e concentración na clase/ Participación activa.
- O interese por aprender.
- A boa realización a nivel interpretativo.
- A consecución de ambiente de silencio na aula.
- O hábito de traballo do alumno. Regularidade na realización das tarefas.
- A asistencia a clase e a puntualidade.
- O coidado e bo uso do material. Trae ou non o material.
- Actitude correcta

A nota final de cada avaliación abranguerá os seguintes apartados:

- Proba escrita: O 50% da cualificación estará formada pola media aritmética dos exames realizados.
- Traballos individuais: O 30% da cualificación.
- Observación: O 20% da cualificación

Cada instrumento de avaliación (proba escrita, traballos individuais e observación) avaliará un conxunto de estándares de aprendizaxe recollidos no apartado 5.5.

Será indispensable para acadar a cualificación de cinco (ou superior) ter un mínimo de tres puntos sobre dez nas probas escritas e nos traballos individuais.

A nota final do curso será a media aritmética das tres avaliacións. Non obstante para acadar o aprobado, será imprescindible non ter ningunha avaliación cualificada por debaixo do 3. No caso de que a evolución do alumnado sexa de menos a máis, poderase dar maior ponderación as últimas notas, mellorando deste xeito a cualificación final.

Cando haxa unha ou máis avaliacións con cualificacións inferiores o 3 poderase optar a un exame de recuperación no mes de maio.

Os/as alumnos/as que copien en calquera das probas escritas ou actividades serán cualificados con cero puntos nas mesmas.

A non asistencia sen xustificación a unha proba escrita motivará que dita proba se cualifique cun 0. Pola contra, no caso de non poder asistir a un exame por un motivo de causa maior ou aportando a correspondente xustificación médica, o profesor/a poderá establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que ten do alumno/a ata ese momento.

Cando o alumno non acadou unha valoración superior a 3 nunha avaliación, ou a media das avaliacións non é suficiente para acadar o aprobado, realizará un exame de recuperación da parte ou partes necesarias no mes de maio. Nesa mesma data, tamén se permitirá que o alumnado xa aprobado se presente coa intención de subir nota, non podendo minorar en ningún caso a cualificación obtida anteriormente.

7.3 Procedemento de avaliación final

Ao final do curso o alumno terá a posibilidade de facer unha recuperación, ben de parte da materia, ou de toda no caso de ter todas as avaliacións suspensas. Será unha proba escrita e/ou unha proba práctica similares as realizadas durante o curso cos mesmos instrumentos de avaliación.

No caso de perda do dereito á avaliación continua, o alumno será cualificado unicamente por un exame final no mes de xuño, maio para 2º BAC. Será unha proba escrita similar á realizada na avaliación final ordinaria, cos mesmos instrumentos de avaliación.

7.4 Procedemento de avaliación extraordinaria

Na ESO e 1º de BAC, na convocatoria extraordinaria de setembro realizarase un exame que conterá unha parte de teoría dos temas tratados durante o curso e outra parte de práctica instrumental de interpretación coa frauta o instrumental Orff, dunha das partituras ensaiadas durante o curso. A ponderación de ambas partes será a mesma que na convocatoria ordinaria.

En Historia da Música e da Danza de 2º de BAC realizarase un exame coa estrutura explicada no apartado 7.2.2.

7.5 Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Para a recuperación da materia de Música pendente de cursos anteriores haberá dúas alternativas:

- 1) Concorrer o exame final que se celebrará no mes de maio.

- 2) Seguir un programa de recuperación con seguimento periódico. Neste, planifícanse traballos, fichas, cuestionarios, actividades de resumo, etc, que os alumnos deberán realizar nunhas datas sinaladas e que se publicarán na primeira semana de outubro xunto coas actividades pertinentes, así como os criterios para a superación da materia. Tamén se programarán controis periódicos que se complementarán coas actividades antes referidas, para comprobar se se acadan os obxectivos nesas datas.

Se o alumno optou pola primeira opción explicada no apartado anterior concurrirá a un exame no mes de maio cunhas características equivalentes ás da avaliación extraordinaria do curso correspondente.

Se optou pola segunda opción, seguirá o seguinte programa:

1. Entrega por escrito dun resumo de cada unidade didáctica do libro fixado polo centro nas datas que se publicarán na primeira semana de outubro.
2. Realización dunha proba escrita de cada unidade didáctica, nas datas que se publicarán na primeira semana de outubro.

Se optou pola primeira opción o alumno deberá acadar un mínimo de 5 puntos na proba escrita a celebrar no mes de maio.

Se optou pola segunda opción será necesario obter un mínimo de cinco puntos sobre dez ó realizar a media aritmética das probas escritas propostas para cada data e entregar os resumos propostos. Será imprescindible realizar todas as probas escritas nas datas indicadas, onde a nota final será o resultado da media aritmética resultante entre todas as notas de cada sesión de control.

Na convocatoria extraordinaria de setembro, ó igual que na ordinaria, realizarase un exame acerca dos temas referentes ó curso correspondente.

8. OUTRAS AVALIACIÓNS

8.1 Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente (Indicadores de logro)	Escala			
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

8.2 Avaliación da programación didáctica

8.2.1 Mecanismo de revisión

- Seguimento da programación nas reunións de departamento e do seu cumprimento en cada avaliación, do que queda constancia no libro de actas do Departamento.

- Reflexión sobre a secuenciación de cada trimestre analizando os problemas para cumprila na súa totalidade e a súa posible flexibilidade.

- Análise dos resultados trimestrais a través das actas da avaliación, tendo en conta todos os datos e informacións anotados nas sesións de avaliación.

De haber propostas de modificación, estas recolleranse na memoria final.

8.2.2 Mecanismo de avaliación e modificación da programación didáctica

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

9.1 Medidas ordinarias

Organizativas	Curriculares
<p>1. Adequouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.</p> <p>b) Espazos diferenciados?</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos?</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula?</p> <p>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?</p> <p>5. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?</p> <p>6. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?</p> <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.</p>

--	--

9.2 Medidas extraordinarias

Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)?</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc</p>

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares propostas por este departamento foron comunicadas á dirección do centro ó comenzo do curso para a súa inclusión na Programación Xeral Anual.

11. DATOS DO DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
MÚSICA	2º ESO	A, B,	Susana Cuevas Díaz
MÚSICA	3º ESO	A,B,C	Susana Cuevas Díaz
MÚSICA	4º ESO	A,B	Susana Cuevas Díaz
LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL	1º BACH	A,B,C	Susana Cuevas Díaz
HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA	2º BACH	A,B, C	José Manuel Valcarce López

12. RELACIÓN COA RESOLUCIÓN

Resolución do .27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	APARTADO
a	Introdución e contextualización	Apto. 3
b	Contribución ás competencias básicas	Apto. 5
c	Concreción dos obxectivos para o curso	Apto. 3
d	Concreción para cada estándar	Apto. 5
	1º.- Temporalización	Apto. 4
	2º.- Grao mínimo de consecución	Apto. 5
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	Apto. 5
e	Concrecións metodolóxicas	Apto. 6
f	Materiais e recursos didácticos	Apto. 6
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	Apto. 7
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.	Apto. 8
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	Apto. 7
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	Apto. 7
k	Avaliación inicial e medidas	Apto. 7
l	Medidas de atención á diversidade	Apto. 9
m	Concreción de elementos transversais	Apto. 5
n	Actividades complementarias e extraescolares	Apto. 10
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	Apto. 8